

## EXAME DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

Curso 2023/24

1. Poderá presentarse a exame o alumnado que teña superados todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, a excepción dos correspondentes ao propio TFM.
2. O prazo de **solicitud de presentación** do TFM rematará o **28 de xuño**. O alumnado deberá indicar na solicitude, que está dispoñible na páxina web do máster, en que convocatoria (xullo ou setembro) vai realizar a defensa do TFM, e enviala a [master.quimica@usc.es](mailto:master.quimica@usc.es)

**O alumnado da USC** farao tamén a través da súa secretaría virtual. Os pasos serán os seguintes:

- O alumnado debe contactar co seu titor para solicitarlle a realización na súa Secretaría Virtual (PDI) do informe previo autorizando a defensa.
- O alumnado solicitará a defensa dende a súa Secretaría Virtual (alumnado) cubrindo toda a información solicitada (resumo, título, todo nos tres idiomas, etc.) e incluíndo un exemplar do TFM en formato pdf.
- O prazo de solicitude para a convocatoria de xullo será do 28 de xuño ao 4 de xullo, para a convocatoria de setembro, do 28 de agosto ao 4 de setembro.

**O alumnado da UDC** terá que enviar tamén a solicitude de presentación do TFM a [coordinación.master.miqui@udc.gal](mailto:coordinación.master.miqui@udc.gal) para que se active na secretaría virtual. Asegúrese de que na solicitude está indicado o título nos tres idiomas e que ven especificado o nome do director e codirector. Unha vez activado na secretaría virtual, os pasos serán os seguintes:

- Contactar co seu titor para solicitarlle a realización na súa Secretaría Virtual (PDI) do informe previo autorizando a defensa.
- Unha vez feita a autorización, o alumnado realizará a solicitude de defensa dende a súa Secretaría Virtual (alumnado) cubrindo toda a información solicitada.

**O alumnado da UVIGO** terá que enviar tamén a solicitude de presentación do TFM a [mindinvquimica@uvigo.es](mailto:mindinvquimica@uvigo.es). Ademais, deberá contactar co seu titor/a para solicitarlle a autorización para a defensa. O titor ou titora debe notificar por correo electrónico a [mindinvquimica@uvigo.es](mailto:mindinvquimica@uvigo.es) dita autorización

3. O alumnado deberá enviar unha copia electrónica do traballo (en formato pdf) ao coordinador/a local do máster da súa universidade UDC: [coordinación.master.miqui@udc.gal](mailto:coordinación.master.miqui@udc.gal) UVI: [mindinvquimica@uvigo.es](mailto:mindinvquimica@uvigo.es), USC: [master.quimica@usc.es](mailto:master.quimica@usc.es)

O prazo de **entrega desta documentación** rematará:

- Ás 14:00 horas do día **4 de xullo de 2024** para a lectura da convocatoria de xullo.
- Ás 14:00 horas do **4 de setembro de 2024** para a convocatoria de setembro.

4. Calquera **cambio de título** do TFM terá que ser solicitado xustificadamente, utilizando o formulario dispoñible na páxina web do máster, **antes do 5 de xuño**. O alumnado da USC terá que enviar unha copia en pdf da solicitude a [master.quimica@usc.es](mailto:master.quimica@usc.es). No que atinxe ao alumnado da UVI e da UDC, deberá enviar unha copia en pdf de dita solicitude ao correo do máster, [mindinvquimica@uvigo.es](mailto:mindinvquimica@uvigo.es) ou [coordinación.master.miqui@udc.gal](mailto:coordinación.master.miqui@udc.gal), respectivamente.

5. A memoria (cun máximo de 50 páxinas, espazo 1,5 e letra 12pt.) deberá adoptar a estrutura seguinte:

Redactada en castelán, galego ou inglés. Si se redacta en castelán ou en galego, incluírá o resúmen e o apartado de conclusións en inglés. Si se opta polo inglés, o resúmen e o apartado de conclusións será redactado en galego ou en castelán.

Anexo: poderá, si se considera imprescindible, incluírse un anexo con táboas, figuras e gráficas sempre que teña un contido relevante para o seguimento da memoria

Na primeira folla da memoria figurarán os datos:

Universidade de (A CORUÑA/SANTIAGO DE COMPOSTELA/VIGO).

Máster Universitario en ...

Nome do autor

Título do traballo

Nome(s) do/s Director/es

Departamento/Centro/Empresa onde se realizou o traballo

6. **A realización do exame** será en modalidade presencial, na Facultade de Química de Santiago de Compostela, con tribunais interuniversitarios que serán os encargados de efectuar a convocatoria de presentación do TFM. O exame realizarase nas seguintes datas:
- Na convocatoria de xullo o **18 de xullo**
  - Na convocatoria de setembro o **16 de setembro**
7. O alumno/a realizará a exposición do traballo desenvolvido, así como as necesarias intervencións, (en castelán, galego ou inglés), durante un tempo non superior a 15 minutos, que deberá ir seguido dun debate sobre o mesmo cos membros do tribunal, que poderán realizar cantas preguntas e aclaracións estimen pertinentes, dentro dun tempo mínimo de 15 minutos e máximo de 30.
8. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

O Coordinador Xeral

Jesús Sanmartín Matalobos